

**ORDENANZA 3.17**

**TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA NAS VIAS  
PUBLICAS MUNICIPAIS**

Artigo 1º. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Concello establece la Tasa por estacionamiento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais, a que se refire o art.20.3 u) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden ao previsto no art 57 do citado Real Decreto Lexislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie

delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

**Artigo 4º. Cota tributaria**

A contía da taxa por estacionamento é:

- a. Réxime xeral: Pre-pagado por un máximo de **120** minutos con un coste máximo de **1,05 €**. Un mínimo de 17 minutos con un coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

<i>TEMPO</i>	<i>TARIFA EN €</i>
17	0,15
23	0,20
28	0,25
34	0,30
40	0,35
45	0,40
51	0,45
56	0,50
62	0,55
68	0,60
73	0,65
79	0,70
84	0,75
89	0,80
95	0,85
101	0,90
107	0,95
113	1,0
120	<b>1,05</b>

- b. Réxime xeral de longa duración Prepagado por un máximo de **240** minutos cun coste máximo de **1,05 €**. Un mínimo de **34** minutos cun coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

MINUTOS	TARIFA EN €
34	0,15
46	0,20
57	0,25
69	0,30
81	0,35
91	0,40
104	0,45
114	0,50
126	0,55
139	0,60
148	0,65
160	0,70
171	0,75
183	0,80
194	0,85
205	0,90
217	0,95
229	1,0
240	1,05

- c. Residentes

Establecense dúas modalidades para residentes:

- I) Tarifa normal, pre-pagado sin límite máximo de estacionamento. Cada hora ou fracción 0,16 €
- II) Con tarxeta especial de residente: **36,95 €** con vixencia trimestral, expedida por trimestres naturais que da dereito ó estacionamento sin pago de tarifa normal e sin limite de tempo de estacionamento.

- d. Complementaria Post-pagada por exceso de tempo señalado no ticket ata un máximo de 30 minutos: **2,90 €**

Artigo 5º. Devengo

A taxa devengarase no momento en que se efectúe o estacionamento do vehículo .

Artigo 6º. Normas de xestión

1. O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto nas máquinas expendedoras. Dito boleto acreditativo do pago deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo e dende un lugar visible dende o exterior.
2. O prazo de solicitude tanto para a nova petición de tarxeta de residente, como no caso de renovación finalizará o 15 de Xaneiro para as tarxetas de tarifa normal, e o 10 de Xaneiro o 10 de Abril, o 10 de Xulio e o 10 de Outubro para as tarxetas especiais. Con carácter excepcional para os novos vehículos e cambios de domicilio, habilitaranse os días 1 ó 5 de cada mes.

Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Disposición derradeira**

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2010, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de 17 de decembro de 2010. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil once, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.